

Por resolución de Alcaldía nº 2018-0098 de data 23/02/2018, adxudicouse á empresa COCIGAL 2.013, S.L., con CIF: B-36503035, o contrato menor de obras de “**MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA PRAIA FLUVIAL DE PONTE VERDUGO**”, polo prezo de **33.483,18 € e 7.031,47 €** de IVE, realizada ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014 – 2020.



OBRAS: creación dun itinerario para acceso autónomo das persoas con déficit de visión ou invidentes coa instalación de pavimento podotáctil; adaptación de beirarrúas; dotación de prazas de aparcamento reservadas a persoas con discapacidade; mobiliario, elementos lúdicos e sinalización accesibles.

As obras proxectadas para este espazo público de ocio son obras prioritarias dado o elevado porcentaxe de persoas con algún tipo de discapacidade existentes no Concello de A Lama, onde o 19,018 % do total da poboación teñen unha discapacidade recoñecida e teñen por obxecto garantir a todas as persoas, con independencia das súas capacidades ou discapacidades as mesmas posibilidades de acceso a calquera parte do entorno da praia fluvial e ao uso e goce dos servizos existentes.